



Santiago, 1 de setembro de 2013

Benquerido/a compañeiro/a:

Co aquel do aniversario do pasamento de ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, (20 de marzo de 1.910) o centro público que ten a honra de levar o seu nome, convoca o X concurso de redacción e investigación histórica "FALEMOS DA NOSA HISTORIA", dirixido a escolares de 3º ciclo de educación primaria, e 1º ciclo da E.S.O.

O obxectivo deste certame é descubrir a nosa historia a partir de ditos, refráns, modismos, lendas etc..., de xeito que os nenos e as nenas participantes teñan que facer unha pequena investigación histórica a través de libros, enciclopedias, internet e outros medios. E tamén preguntando na súa casa aos seus ascendentes.


O tema proposto para este ano ten como título "PEDRO MADRUGA" a partir do cal os alumnos e alumnas deberán descubrir a orixe deste dito e a súa explicación histórica, segundo as bases da convocatoria.

Esperamos contar coa túa colaboración nesta oitava edición de "FALEMOS DA NOSA HISTORIA", que agardamos teña unha boa acollida entre profesorado e o alumnado do teu centro

Sen outro particular, recibe unha forte aperta.



Asdo.: Lois X. Trigo Martínez  
Director do centro



Asdo.: José R. Carril Vázquez  
Coordinador do EDLG

## "FALEMOS DA NOSA HISTORIA"

### BASES

- 1º - Poderán participar todos os escolares da nosa Comunidade Autónoma que ao longo do curso escolar 2013 – 2014 cursen estudos de 3º ciclo de Educación Primaria, ou 1º ciclo da E.S.O.
  - 2º - Os traballos presentaranse exclusivamente en lingua galega.
  - 3º - Os traballos serán orixinais
  - 4º - A extensión máxima dos traballos non sobrepasará os tres folios (DIN-A4), escritos á man e por unha soa cara.
  - 5º - Se o concursante decidira acompañar un traballo plástico sobre o tema, este poderá ser presentado a maiores dos tres folios anteditos.
  - 6º - Os traballos circunscribíranse única e exclusivamente ao título do tema.
  - 7º - Os traballos presentados pasarán a ser propiedade do colexio.
  - 8º - O traballo gañador será publicado na revista do colexio "Antonio López Ferreiro" – PEGADA -, ou noutros medios de comunicación que decida o centro.
  - 9º - O xurado estará composto por tres personalidades de solvencia recoñecida no eido da historia e das humanidades.
  - 10º - As decisións do xurado serán inapelables
  - 11º - Estableceranse tres premios:
    - A – cerámica e diploma
    - B - cerámica e diploma
    - C - cerámica e diploma
- Premio especial do Concello de Santiago para os tres primeiros premiados.  
Premio da Fundación Nova Caixa Galicia.  
Premio para os centros: lote de libros da Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- 12º - O prazo de presentación dos traballos será desde o 1 ao 28 de febreiro do 2014, e deberán enviar ao seguinte enderezo:

Concurso "Falemos da nosa Historia"  
CEIP "LÓPEZ FERREIRO"  
R/ XOAN XXIII S/N  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 13º - Os traballos virán asinados con pseudónimo incluíndo en sobre adxunto os datos persoais, así como curso, centro escolar e teléfono de contacto.